

PLEA

1. Contexto
2. Obxectivos
 - 2.1 En relación á lectura
 - 2.2. En relación á escritura
 - 2.3. En relación ao uso e tratamento da información
3. Actuacións
4. Seguimento e avaliación
5. Difusión

1. CONTEXTO

Ribeira, cidade na que se sitúa o IES N°1, é un municipio clave na provincia da Coruña, non só polo seu peso demográfico, senón por ser un dos motores económicos da comarca do Barbanza. É unha cidade cunha identidade profundamente mariñeira (o seu porto é un dos portos de baixura máis importantes de Europa) cuxa poboación rolda os 27.000 habitantes. A diferenza doutros municipios galegos que sofren un forte despoboamento, Ribeira mantense estable. A necesidade de man de obra na frota pesqueira e nas fábricas de conserva atraeu a unha importante comunidade estranxeira, o que fixo de Ribeira un exemplo de multiculturalidade, o que se aprecia no IES N°1 dado que contamos cun gran número de alumnado de procedencia diversa. Destacan as comunidades procedentes de África (especialmente de Marrocos, Senegal e Mauritania), así como de América Latina.

Ribeira posúe un patrimonio que mestura o natural co arqueolóxico (Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Illa de Sávoira, Dolmen da Axeitos, Castro da Cidade...). O concello conta con espazos culturais destacados como museos e espazos de exposicións (Museo do Gravado e da Estampa Dixital de Artes, Centro Cultural Lustres Rivas), un auditorio, Conservatorio de Música Municipal e unha Biblioteca Municipal. Cabe destacar que no ámbito da lectura falta unha oferta acorde a unha poboación das dimensións de Ribeira xa que podemos atopar unha librería especializada en banda deseñada e varias pequenas librarías e papelerías pero que contan cunha oferta moi limitada para mercar libros.

O IES N°1 de Ribeira é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia. En liñas xerais, contamos con máis de 700 alumnos matriculados y arredor de 66 profesores e profesoras que conforman o noso claustro. Caracterízase por ser un centro que combina a educación secundaria obrigatoria (ESO) e o Bacharelato (ofrece as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais) ca ensinanza de adultos (ESPA, Bacharelato de adultos e ENR). Ademais, presenta unha clara aposta polo ensino de linguas ao contar cos programas CUALE e *That's english* e compartir o seu espazo ca EOI na que se imparten clases de inglés polas tardes. No relativo á atención á diversidade, destaca o Grupo de Adquisición de Linguas, integrado polo alumnado estranxeiro de incorporación recente.

A Biblioteca do noso centro é un dos espazos fundamentais do mesmo, no que o alumnado conta con máis de 12.000 volumes de obras literarias e informativas de todas as áreas que se imparten no centro. A comunidade educativa conta, tamén, con xornais, revistas, ordenadores con

conexión a internet nos que se pode buscar información e facer traballos, unha pantalla e un proxector e un piano eléctrico con auriculares. Participamos no PLAMBE dende o ano 2009.

A Biblioteca está xestionada por un Equipo de Biblioteca estable, con profesorado pertencente a departamentos de todos os ámbitos, que xestiona o material que imos engadindo cada ano (incorporámonos ao programa Koha en decembro de 2024) e que organiza actividades de fomento da lectura e a escritura, moitas das cales realízanse en colaboración con outros grupos do centro como son o EDLG e o Equipo de Igualdade. No referente aos ámbitos da lectura, escritura e tratamento e uso da información (nos que se centra este proxecto) podemos destacar actividades e estatexias nas que xa se vén traballando dende fai anos de xeito transversal: Tempo de Lectura (en 1º e 2º da ESO), Clubs de Lectura, Reforzo de linguas (1 hora á semana para o alumnado que está exento da matrícula na 2ª lingua), Afondamento de Linguas (1 hora á semana da libre disposición do centro en 1º e 2ª da ESO), Obradoiros de escritura, Concursos de escritura, Parladoiro, etc.

Ademáis, o traballo nestes ámbitos lévase a cabo de xeito cotián las aulas en moitas das materias a través de lectura de textos, traballos de investigación e elaboración de textos.

Para levar a cabo unha análise máis precisa da situación no noso centro, valémonos de diversas ferramentas, como son os resultados que aporta a Avaliación de Diagnóstico de 2º da ESO dos cursos anteriores. Nesta observamos que o nivel de adquisición da competencia lingüística do noso alumnado é medio, polo que faise necesario aplicar medidas de mellora nesta ámbito.

Por outra banda, propuxemos a realización de enquisas entre alumnado, profesorado e familias, nas que poder contar cunhas impresións máis precisas sobre a lectura, a escritura e o acceso e uso da información no noso centro por parte de toda a comunidade educativa.

No ámbito da lectura, o alumnado amosa interese pola mesma, máis aló das lecturas que o profesorado establece nas clases. Considera que dende o centro educativo anímasele a ler aínda que manifesta que moitas veces as lecturas que establece o profesorado non resultan do seu agrado. A narrativa, a banda deseñada e os libros informativos son os máis demandados. O Tempo de Lectura é valorado de forma positiva.

Entre o profesorado tamén se valora de xeito positivo o Tempo de Lectura, aínda que manifesta as dificultades cas que se atopa como alumnado que non se concentra e que realmente non le ou outros que non traen lectura. O maior parte do profesorado considera que traballa estatexias de comprensión lectora dende a súa materia: lectura de imaxes, realización de esquemas,

subliñado... Tamén se recomendan lecturas relacionadas ca materia pero só ás veces ou nunca son levadas á aula polo profesorado para dalas a coñecer.

As familias manifestan coñecer as actividades que dende o centro se levan a cabo en materia de lecto escritura e que todas contan en casa con libros. Moita len diante dos seus fillos, anímanos a buscar momentos de lectura, agasallan libros en diferentes celebracións do ano e acuden con eles a librarías e feiras do libro.

No ámbito da escritura, o alumnado manifesta que escribe para facer exercicios do libro e traballos moi diversos (especialmente redaccións, esquemas e traballos de investigación). Cando escribe fóra do ámbito académico, redcata mensaxes nas redes sociais, un diario persoal ou narracións.

O profesorado propón actividades para que o alumnado profundice a súa competencia de expresión escrita e faino a través de textos moi variados: informativos, argumentativos e literarios, esencialmente.

A percepción das familias é que aos seus fillos non lles gusta escribir e cando o fan trátase maioritariamente de repostas a exercicios do libro.

Finalmente, nas xuntas de avaliación e nas CCP faise patente por parte do profesorado a necesidade de mellorar a competencia lingüística do noso alumnado, tanto no relativo á comprensión lectora, coma na expresión escrita e no tratamento da información.

2. OBXECTIVOS.

Eixo da lectura:

- Desenvolver no alumnado as COMPETENCIAS, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores capaces de comprender, interpretar e manexar distintos soportes e textos.
- Espertar e aumentar o INTERESE do alumnado pola lectura.
- Diversificar os FORMATOS DE LECTURA, ensinando ao alumnado para abordar de forma eficiente textos narrativos, poéticos, xornalísticos, científicos e dixitais.
- Ampliar a toda a ESO o TEMPO DIARIO adicado á lectura individual.
- Mellorar o desenvolvemento do HÁBITO LECTOR e potenciar a mellora da competencia lectora desde todas as materias.

-Incrementar o uso de textos de DISTINTAS TIPOLOXÍAS e soportes para adaptar as prácticas lectoras á diversidade do alumnado.

Eixo da escritura:

-Mellorar a COMPETENCIA en expresión escrita, prestando especial atención á coherencia, a cohesión, a ortografía e a estruturación do discurso.

- Incorporar TAREFAS DE ESCRITURA planificada e creativa en diferentes materias para reforzar a produción de textos funcionais e académicos.

-Promover a ESCRITURA CREATIVA E FUNCIONAL a través de obradoiros, concursos literarios, diarios de clase ou a creación de blogs educativos.

-SISTEMATIZAR o proceso de escritura na aula, ensinando ao alumnado as fases de planificación, borrador, revisión e edición dos seus propios textos.

-Capacitar para a PRODUCCIÓN de textos académicos propios de cada disciplina (informes de laboratorio, ensaios históricos, comentarios de texto, etc.).

Eixo do acceso á información:

-Desenvolver HABILIDADES de procura e selección de información eficaz en fontes analóxicas e dixitais, ensinando a contrastar a veracidade dos datos e a detectar bulos.

-Fomentar o USO CRÍTICO E ÉTICO DA INFORMACIÓN, instruindo ao alumnado na importancia de citar as fontes, evitar o plaxio e respectar os dereitos de autor.

-Transformar A BIBLIOTECA ESCOLAR NUN CENTRO DE RECURSOS PARA A APRENDIZAXE E A INVESTIGACIÓN, dinámico e accesible para toda a comunidade.

-Capacitar no USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS para a organización, síntese e presentación da información (mapas mentais, infografías, presentacións multimedia).

-Realizar sistematicamente TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN co alumnado fomentando, mediante unha metodoloxía máis científica e experimental o uso de materiais manipulativos.

Obxectivos transversais:

-Implicar ás FAMILIAS no fomento dos hábitos lectores e escritores a través de talleres, recomendacións literarias ou actividades conxuntas.

-COORDINAR AO PROFESORADO de todos os departamentos para que a competencia da lectoescritura se traballe de xeito transversal e con criterios de avaliación unificados.

-Actualizar e dotar de FONDOS diversos á biblioteca do centro, asegurando que reflicta os intereses do alumnado e as necesidades do proxecto curricular.